

**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO
DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(Acordo da Xunta de Facultade do 23 de maio de 2017)**

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Órganos da Facultade de Ciencias da Educación

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE

Sección 1ª. Composición e competencias

Artigo 3. A Xunta de Facultade

Artigo 4. Composición

Artigo 5. Competencias

Artigo 6. Delegación de competencias na Comisión Permanente da Xunta de Facultade.

Sección 2ª. Réxime das sesións

Artigo 7. Periodicidade das sesións ordinarias

Artigo 8. Convocatoria

Artigo 9. Lugar e tempo das sesións

Artigo 10. Orde do día das sesións

Artigo 11. Asistencia ás sesións

Artigo 12. Quórum de constitución

Artigo 13. Presidencia das sesións

Artigo 14. Desenvolvemento dos debates

Sección 3ª. Réxime dos acordos

Artigo 15. Adopción de acordos

Artigo 16. Forma dos acordos e réxime de recursos

Artigo 17. Publicidade dos acordos

Sección 4ª. Actas das sesións e certificacións dos acordos e recomendacións

Artigo 18. Actas das sesións da Xunta de Facultade

Artigo 19. Libro de actas

Artigo 20. Certificación dos acordos e recomendacións da Xunta de Facultade

CAPÍTULO II. DA DECANA OU DECANO

Artigo 21. A decana ou decano

Artigo 22. Competencias

Artigo 23. Convocatoria de eleccións a decana ou decano.

Artigo 24. Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de decano

Artigo 25. Votación

Artigo 26. Moción de censura

CAPÍTULO III. DA SECRETARIA OU SECRETARIO DA FACULTADE E AS

VICEDECANAS E/OU VICEDECANOS

Artigo 27. A secretaria ou secretario da Facultade

Artigo 28. As vicedecanas e/ou vicedecanos

**TÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE E DAS
COMISIÓNS ESTABLES DA FACULTADE**

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 29. Membros electivos

- Artigo 30. Réxime das sesións
CAPÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE
Artigo 31. Composición
Artigo 32. Competencias
CAPÍTULO III. DA COMISIÓN ACADÉMICA
Artigo 33. Composición
Artigo 34. Competencias
CAPÍTULO IV. DAS COMISIÓN ACADÉMICAS DAS TITULACIÓNS DE MASTER
ADSCRITAS Á FACULTADE
Artigo 35. Composición
Artigo 36. Competencias
CAPÍTULO V. DA COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS, DE ADMINISTRACIÓN
E SERVIZOS
Artigo 37. Composición
Artigo 38. Competencias
CAPÍTULO VI. DA COMISIÓN DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Artigo 39. Composición
Artigo 40. Competencias
CAPÍTULO VII. DA COMISIÓN DE IGUALDADE
Artigo 41. Composición
Artigo 42. Competencias
CAPÍTULO VIII. DA COMISIÓN DE VALIDACIÓNS
Artigo 43. Composición
Artigo 44. Competencias
CAPÍTULO IX. DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO PRACTICUM
Artigo 45. Composición
Artigo 46. Competencias
CAPÍTULO X. DA COMISIÓN DE CALIDADE
Artigo 47. Composición
Artigo 48. Competencias
CAPÍTULO XI. DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA
Artigo 49. Composición
Artigo 50. Competencias
CAPÍTULO XII. DAS COMISIÓN DELEGADAS NON ESTABLES
Artigo 51. Composición e funcionamento.

TÍTULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO

- Artigo 52. Procedemento de reforma do Regulamento

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional Primeira. Do uso dos medios electrónicos no Pleno da Xunta e nas comisións delegadas e nas específicas

Disposición adicional segunda. Dereito supletorio

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Adaptación ao Regulamento da composición dos órganos colexiados da Facultade

Segunda. Estudantes da licenciatura en Psicopedagogía

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

Única. Derrogación normativa

DISPOSICIÓNS FINAIS

Única. Entrada en vigor

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

O presente Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela ten por obxecto establecer o réxime xurídico dos órganos do centro, en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e da demais normativa de aplicación.

Artigo 2. Órganos da Facultade de Ciencias da Educación

1. Son órganos de goberno e administración da Facultade de C.C. da Educación:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) A decana ou decano.
- c) As vicedecanas e/ou vicedecanos.
- d) A secretaria ou secretario.

2. Asemade, existirán na Facultade as seguintes comisións estables:

- a) Comisión Permanente da Xunta de Facultade.
- b) Comisión Académica
- c) Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servicios
- d) Comisión de Cultura e Normalización Lingüística
- e) Comisión de Igualdade
- f) Comisión de Validacións.
- g) Comisión de Coordinación do Practicum
- h) Comisión de Calidade
- i) Comisión de Biblioteca

3. A Xunta de Facultade poderá crear comisións asesoras non permanentes para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados asuntos, coa composición que se determine no acordo que as cre. En todo caso, esa composición garantirá aos distintos sectores da Xunta de Facultade a mesma porcentaxe de representación que ostentan nesta.

A Xunta de Facultade non poderá delegar facultades decisorias nas comisións asesoras.

4. Cada unha das titulacións impartidas na Facultade terá unha Coordinadora ou Coordinador nomeada ou nomeado por iniciativa da decana ou decano. Estes nomeamentos deberán ser informados á Xunta de Facultade. As coordinadoras ou coordinadores deberán ser membros da Xunta e serán membros natos das seguintes comisións: Académica, de Validacións, de Coordinación de Practicum e Calidade.

5. Por iniciativa do decana ou decano poderán nomearse coordinadoras ou coordinadores e responsables de actividades: responsable de Calidade, responsable de Seguridade e Saúde, responsable académico de Mobilidade; responsable de Igualdade, así como responsables ou coordinadoras/es das actividades ou función que se consideren. Os nomeamentos serán informados á Xunta e as persoas nomeadas serán membros das correspondentes comisións, neste caso deberán ser membros da Xunta de Facultade.

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

Capítulo I. Da Xunta de Facultade

Sección 1ª. Composición e competencias

Artigo 3. A Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade é o órgano Colexiado de goberno da Facultade de Ciencias da Educación, aproba as liñas xerais de actuación no seu ámbito e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.
2. As normas de funcionamento da Xunta de Facultade rexerán para os demais órganos Colexiados da Facultade de non existiren previsións específicas para estes.

Artigo 4. Composición

1. A Xunta de Facultade está composta por:
 - a) A decana ou decano, que a presidirá.
 - b) As vicedecanas ou vicedecanos.
 - c) A secretaria ou secretario da Facultade, que o será tamén da Xunta.
 - d) A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
 - e) A directora ou director da Biblioteca
 - f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia na Facultade e censado nela, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao trinta e cinco por cento da capacidade docente do profesorado a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o cincuenta e un por cento.
 - O resto, sempre que non exceda do dez por cento do total da Xunta. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do cinco por cento.

- g) Unha representación do estudiantado do trinta e dous por cento, do cal un vinte e cinco por cento será das titulacións de grao adscritas á Facultade e un sete por cento das titulacións de máster universitario e doutoramento.
 - h) Unha representación do persoal de administración e servizos censado na Facultade, nunha proporción do sete por cento do total da Xunta, cun mínimo de dous.
2. Toda a representación elixida será por dous anos, agás o estudiantado, que o será por un ano.
3. A condición de membro da Xunta de Facultade perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido. Os membros electivos da Xunta de Facultade que perdan a súa condición serán substituídos nos termos establecidos polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.
- 4- Sen prexuízo do disposto no artigo 9 deste Regulamento, todos os membros da Xunta teñen a obriga de asistir ás súas reunións, tanto do Pleno como das correspondentes comisións delegadas ou específicas, e o dereito a voz e voto.
- 5.- Os membros da Xunta están, así mesmo, obrigados a:
- a) Adecuar a súa conduta ao disposto neste Regulamento, respectando e facendo respectar a orde e a cortesía académica nos debates.
 - b) Non divulgar os debates e as decisións que se refiran a aspectos privados das persoas.

Artigo 5. Competencias

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección da decana ou decano e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do órgano.
- b) A elaboración e a aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración da Facultade.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas á Facultade, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica da Facultade e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas

- de especialización profesional dependentes da Facultade e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia na Facultade e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
 - g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.
 - h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas á Facultade e o control da súa aplicación.
 - i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de Departamentos relacionados coa Facultade pola súa docencia e investigación.
 - j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
 - k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado coa Facultade ou coas súas actividades.
 - l) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Artigo 6. Delegación de competencias na Comisión Permanente da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade pode delegar na súa Comisión Permanente as competencias que non lle reservan expresamente os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a demais normativa de aplicación.
2. A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a súa temporalidade se derive da propia natureza da delegación.
3. A Xunta de Facultade pode revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

Sección 2ª. Réxime das sesións da Xunta de Facultade

Artigo 7. Periodicidade das sesións da Xunta de Facultade

As sesións da Xunta de Facultade poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo. As sesións extraordinarias, que estarán

dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria, convocaranse por iniciativa da decana ou decano ou por un terzo dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 8. Convocatoria

1. A convocatoria da Xunta de Facultade corresponde á decana ou ao decano, por iniciativa propia ou por petición dun terzo dos membros do órgano. A convocatoria debe conter os puntos que se debaterán na sesión.

2. Para que a convocatoria surta efecto debe poñerse en coñecemento de todos os membros da Xunta de Facultade mediante comunicación escrita por medios electrónicos ao enderezo institucional. Nela farase constar, xunto coa orde do día, a data, hora e lugar de celebración da reunión e se esta é ordinaria ou extraordinaria.

3. As notificacións serán remitidas polo menos con 2 días de anticipación e, na medida do posible, coa mesma antelación, a documentación relativa aos puntos da orde do día porase ao dispor dos membros da Xunta, en todo caso por medios electrónicos. A entrega das notificacións efectuarase por medios electrónicos nos termos previstos na normativa que os regulan.

Artigo 9. Lugar e tempo das sesións

1. A Xunta de Facultade tense que reunir nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles, procurando causar o menor trastorno posible no desenvolvemento das tarefas docentes e discentes.

Artigo 10. Orde do día das sesións

1. A convocatoria da Xunta de Facultade correspóndelle á decana ou ao decano, quen elaborará a orde do día asistido polo equipo decanal.

2. Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos relativos á aprobación da acta da sesión anterior e aos rogos e preguntas, agás que a sesión fose extraordinaria.

3. Asemade figurarán na orde do día os puntos que previamente solicitará por escrito o quince por cento dos membros da Xunta de Facultade. En calquera caso, a inclusión de puntos na orde do día deberá presentarse, como mínimo, cunha antelación de cinco días antes da convocatoria para ser incluídos, no caso contrario incluíranse na convocatoria seguinte.

Artigo 11. Asistencia ás sesións

1. Todos os membros da Xunta de Facultade teñen o dereito e a obriga de asistir as súas reunións, así como o dereito a voz e a voto.

2. A decana ou decano poderá convocar, con voz pero sen voto, calquera dos membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor na Facultade. No caso de asistencia a unha sesión da Xunta de Facultade de persoas non pertencentes a ela, darase coñecemento desta circunstancia ao inicio da sesión e garantirase que as persoas asistentes que non teñen a condición de membros da Xunta non poidan participar nos debates nin nas votacións.

3. Cando a natureza dos asuntos o requira, a decana ou decano, por propia iniciativa, a instancia dos membros do órgano ou por petición da persoa interesada, poderá convocar para informe na Xunta de Facultade a calquera membro da comunidade universitaria ou a outras persoas relacionadas cos devanditos asuntos.

Artigo 12. Quórum de constitución e de adopción de acordos

A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da decana ou decano e da secretaria ou secretario, ou persoas que legalmente os substitúan, e dun mínimo da metade dos demais membros da Xunta, e en segunda convocatoria, media hora despois, cando asistan polo menos un terzo dos seus membros. sempre que entre eles estean o/a decano/a e o/a secretario/a, ou quen legalmente os substitúan. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria haberá que proceder a unha nova convocatoria da Xunta de facultade para un día posterior.

Para que conste a asistencia será obrigatorio acreditarse do xeito que habilite a/o secretaria/o da Xunta para tal efecto.

O/a secretario/a da Xunta de Facultade constatará ao inicio da sesión o número de acreditados para os efectos de verificar o quórum.

Artigo 13. Presidencia das sesións

1. A Xunta de Facultade é presidida pola decana ou decano, ou por quen legalmente o substitúa, asistido dunha Mesa integrada polas vicedecanas ou vicedecanos e a secretaria ou secretario, agás nos casos excepcionais nos que este Regulamento atribúe a presidencia da sesión a outra persoa.

2. A decana ou decano interpreta o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decide sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, a ordenación dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento.

Artigo 14. Desenvolvemento dos debates

1. A decana ou decano dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. Logo de consulta coa Mesa, fixará un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.
3. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, senón para ser chamado pola decana ou decano á orde ou a cingirse ao tema.
4. As alusións só autorizarán para que o membro da Xunta a quen se refiren, a xuízo da decana ou decano, poida contestar ás manifestacións sobre a súa persoa pronunciadas durante a discusión, no prazo de tempo concedido e sen entrar no fondo da cuestión debatida.
5. En calquera estado da discusión, os membros da Xunta de Facultade poderán pedir a observancia de normas legais ou regulamentarias, citando os artigos que soliciten que se apliquen.
6. Decorrido o prazo concedido para intervir, a decana ou decano, logo de invitar a concluír por dúas veces ao membro da Xunta de Facultade que estea a falar, retirarlle o uso da palabra.
7. Nos supostos de excesiva duración dunha sesión, a decana ou decano, logo de consulta coa Mesa, poderá dispoñer a interrupción daquela, fixando a hora na que deba reanudarse dentro das dúas horas seguintes debendo rematar no mesmo día.

Sección 3ª. Réxime dos acordos

Artigo 15. Adopción de acordos

1. Os acordos, para a súa válida adopción, requirirán ser adoptados pola maioría de votos en favor dunha proposta, agás as excepcións contempladas neste Regulamento. Non será precisa a votación se a Xunta se pronuncia por asentimento en favor dunha proposta.
2. As votacións poderán ser públicas a man alzada ou secretas.
3. As votacións serán secretas sempre que afecten a persoas concretas ou sexan solicitadas por algún membro da Xunta de Facultade.
4. Non se admitirá a delegación do voto nin o voto anticipado dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 16. Forma dos acordos e réxime de recursos

1. As decisións da Xunta de Facultade adoptarán a forma de acordos en materias da súa competencia e de recomendacións cando actúe con funcións meramente consultivas.
2. Non se poden adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que todos os membros da Xunta de Facultade estean presentes e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
3. Os membros da Xunta de Facultade que discrepen dos acordos adoptados poden formular voto particular por escrito no prazo de 2 días, o cal se incorporará ao texto aprobado.
4. Calquera membro da Xunta de Facultade pode presentar mocións ante ela de palabra ou por escrito. Estas serán debatidas no punto relativo a rogos e preguntas, sempre que non se refiran a puntos da orde do día. As mocións por escrito serán lidas polo secretario mesmo en ausencia do mocionante, sempre que este xustifique debidamente a súa inasistencia á sesión.
5. Os acordos da Xunta de Facultade son susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 17. Publicidade dos acordos

A secretaria ou secretario da Facultade publicará os acordos adoptados pola Xunta de Facultade e notificará aos membros da Facultade ou dos Departamentos con docencia na mesma aqueles acordos que lles atinxan directamente.

Sección 4ª. Actas das sesións e certificacións dos acordos e recomendacións**Artigo 18. Actas das sesións da Xunta de Facultade**

1. A secretaria ou secretario da Facultade levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade. En caso de que a secretaria ou secretario da Facultade non puidese asistir a unha sesión, a decana ou decano designará a quen o substitúa.
2. En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:
 - a) Membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, salientando as ausencias debidamente xustificadas.
 - b) Orde do día.
 - c) Acordos e recomendacións, debéndose especificar se foron adoptados por votación e, en tal caso, se o foron por maioría ou unanimidade, co número

exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións, ou por asentimento.

3. Nas actas téñense que incluír os textos literais dos acordos, cos votos particulares formulados polos membros da Xunta de Facultade, de ser o caso, e un resumo dos debates coas diferentes posicións, así como calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente, soliciten que figure expresamente.

4. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade coas modificacións que propuxesen os seus membros, sempre que estas sexan aprobadas pola Xunta e plasmen máis axeitadamente o desenvolvemento da sesión.

5. Logo de aprobada, cada acta será asinada pola secretaria ou secretario, ou quen o substituíse na sesión que se reflecta, co visto e prace da decana ou decano ou de quen efectivamente presidise a sesión.

Artigo 19. Libro de actas

1. Na Facultade levarase un libro de actas no que se incorporarán as minutas de cada sesión da Xunta de Facultade unha vez aprobadas.

2. O libro de actas estará baixo a custodia da secretaria ou secretario da Facultade, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.

Artigo 20. Certificación dos acordos e recomendacións da Xunta de Facultade

1. Só darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta de Facultade as certificacións que, por orde do/a decano/a, expida a secretaria ou secretario da Facultade.

2. Poderanse expedir certificacións:

a) De oficio, por requirimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Santiago de Compostela, ou de órganos xudiciais no exercicio das súas competencias.

b) Por solicitude dos membros da Xunta de Facultade.

c) Por solicitude de calquera membro da comunidade universitaria da Facultade que o solicite por escrito e previa autorización da decana ou decano.

Nestes dous últimos casos o contido das certificacións versará unicamente sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións, salvo decisión do decano ou decana debidamente motivada.

Capítulo II. Da decana ou decano

Artigo 21. A decana ou decano

A decana ou decano representa á Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 22. Competencias

1. Son competencias da decana ou decano:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado da Facultade, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade.
- e) A dirección económica das actividades organizadas pola Facultade.
- f) A proposta á reitoría ou reitor do nomeamento e cesamento da secretaria ou secretario ou secretaria da Facultade e, de ser o caso, das vicedecanas e/ou vicedecanos, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor na Facultade.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- i) O control do axeitado mantemento do patrimonio da Facultade.
- j) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou a lexislación universitaria.

2. As competencias da decana ou decano estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 23. Convocatoria de eleccións a decana ou decano

As eleccións a decana ou decano serán convocadas polo Decanato coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato e, en calquera caso, como mínimo un mes antes da finalización deste. Se a decana ou decano cesase no cargo por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao devandito cesamento.

Artigo 24. Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de decana ou decano

1. A elección da decana ou decano levarase a cabo nunha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día o relativo á elección. A sesión non pode ser convocada para antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas nin para despois de corenta e cinco días naturais dende a data de saída da convocatoria.

2. A presidencia da sesión corresponderá a decana ou decano en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura, será substituído pola vicedecana ou vicedecano que designe.

3. No caso de que a secretaria ou secretario da Facultade presente a súa candidatura, actuará como secretaria ou secretario accidental o membro da Xunta de Facultade de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.

4. Cada unha das candidatas ou candidatos que se presenten á elección disporá dun tempo máximo de trinta minutos para expoñer, se así o desexa, o seu programa. Deseguido, responderán durante un prazo máximo conxunto dunha hora ás preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen.

Artigo 25. Votación

1. Concluído o debate, procederase á votación, nominal e secreta, por todos os membros da Xunta de Facultade presentes. Cada electora ou elector poderá dar o seu voto a favor dunha única candidata ou candidato, votar en branco ou absterse. O voto poderá expresarse cunha cruz á beira do nome da candidata ou candidato ou doutro xeito inequívoco.

2. A presidencia da sesión adoptará as medidas necesarias para garantir o segredo do voto e a seguridade do resultado.

3. No caso de concurrencia de máis dunha candidata ou candidato, a elección celebrarase de acordo co sistema de dobre volta establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela. No caso de que houberse unha única candidata ou candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido aquela ou aquel se obtén o vinte e cinco por cento ou máis dos votos emitidos.

Artigo 26. Moción de censura

1. A decana ou decano pode ser revogado mediante moción de censura de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada coas sinaturas de, polo menos, un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa proposta como nova decana ou decano, a cal tamén terá que asinar para acreditar a súa conformidade.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, a decana ou decano convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade con ese único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles desde que aquela teña entrada no rexistro da Facultade.
4. A presidencia da sesión corresponderá ao membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade pertencente á Xunta de Facultade de maior categoría e antigüidade.
5. Tanto as persoas propostas como a decana ou decano disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Deseguido, abrirase unha quenda de intervencións por parte dos membros da Xunta de Facultade cun prazo de duración máximo dunha hora.
6. Rematada a quenda de preguntas e intervencións, procederase á votación nominal e secreta da moción de censura. A moción considerarase aprobada se recibe o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade e, en tal caso, a persoa que presida a sesión proclamará decano/a electo/a á persoa proposta na moción.
7. Se a moción de censura non fose aprobada, ningún dos seus asinantes poderá asinar outra durante o mesmo período de mandato.

Capítulo III. Da secretaria ou secretario da Facultade e as vicedecanas ou vicedecanos

Artigo 27. A secretaria ou secretario da Facultade

1. A secretaria ou secretario da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden a decana ou decano, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A secretaria ou secretario será nomeado pola reitora ou reitor, segundo a proposta da decana ou decano, de entre o profesorado censado na Facultade ou o persoal

funcionario de administración e servizos dos subgrupos A1 e A2, igualmente censado no centro.

3. A secretaria ou secretario cesará por decisión do reitor, tras a proposta da decana ou decano ou por petición propia.

Artigo 28. As vicedecanas ou vicedecanos

1. No exercicio das súas competencias, a decana ou decano será asistido polas vicedecanas e/ou vicedecanos.

2. É labor das vicedecanas ou vicedecanos coordinar ou dirixir, baixo a autoridade da decana ou decano, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varias vicedecanas ou vicedecanos, a decana ou decano designará cal delas ou deles o substituirá, en caso de ausencia ou enfermidade.

3. As vicedecanas ou vicedecanos serán nomeados pola reitora ou reitor, por proposta da decana ou decano, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

3. As vicedecanas ou vicedecanos cesarán no seu cargo por decisión da reitora ou reitor, logo da proposta da decana ou decano, ou por petición propia.

TÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE E DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA FACULTADE

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 29. Comisións delegadas estables e a súa composición

1. Son Comisións delegadas da Xunta de Facultade: Comisión Académica, Comisións académicas das titulacións de Máster, Comisión de Asuntos Económicos, e Administración e Servizos, Comisión de Cultura e Normalización Lingüística, Comisión de Igualdade, Comisión de Validacións, Comisión de Coordinación do Practicum, Comisión de Calidade e Comisión de Biblioteca. A elección dos membros das comisións estables que representen aos distintos sectores da Xunta de Facultade realizarase polos membros do respectivo sector no seo da propia Xunta.

A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatas ou candidatos presentados sexa inferior ou igual ao de postos elixibles.

2. Todas as persoas elixidas serano por dous anos, agás o estudiantado, que o será por un ano.

3. A condición de membro das comisións estables perderase pola perda da condición de condición de membro da Xunta de Facultade. O membro electivo dunha comisión estable que perda a súa condición será substituído pola seguinte candidata ou candidato máis votado do mesmo sector.

Artigo 30. Réxime das sesións

1. As comisións estables reuniranse cando sexan convocadas nos mesmos termos que rexen para a Xunta de Facultade.

2. Das sesións das comisións estables levantarase unha acta sucinta polo seu secretaria ou secretario na que, ademais dos extremos citados no artigo 18 do presente Regulamento, recolleranse, cando se solicite, as opinións contrarias aos acordos adoptados.

3. As súas decisións adoptarán a forma de informe, previo requirimento da Xunta de Facultade, ou de proposta, é dicir, por iniciativa da propia comisión.

4. A decana ou decano da Facultade informará á Xunta de Facultade en cada sesión ordinaria da mesma de todas as actuacións das comisións estables producidas dende a data da anterior sesión ordinaria que atinxan ás competencias da Xunta.

Capítulo II. Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade

Artigo 31. Composición

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade está composta por:

- a) A decana ou decano, que a presidirá.
- b) As vicedecana e/ou vicedecanos.
- c) A secretaria ou secretario da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- d) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de vinte e un, distribuídos do seguinte xeito:
 - Doce membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
 - Catro membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación.
 - Tres estudantes de grao.
 - Dous membros do persoal de administración e servizos.

Artigo 32. Competencias

Son competencias da Comisión Permanente da Xunta de Facultade:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.

- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Facultade nos termos previstos polo artigo 6 deste Regulamento.
- c) Asesorar en todas aquelas cuestións que a decana ou decano lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquela ou aquel lle delegue expresamente.
- d) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente á mesma.

Capítulo III. Da Comisión Académica

Artigo 33. Composición

A Comisión Académica da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano, que a presidirá.
- b) A vicedecana ou vicedecano competente en materia de Asuntos Académicos.
- c) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade
- d) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- e) Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de dez, distribuídos do seguinte xeito:
 - Seis membros do profesorado
 - Tres estudantes.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

A comisión prevista neste artigo elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Artigo 34. Competencias

A Comisión Académica é competente para pronunciarse sobre cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xunta de Facultade en relación co profesorado, o estudantado e, en xeral, o desenvolvemento e coordinación da docencia, así como para tomar as iniciativas que estime convenientes nestes ámbitos.

Capítulo IV. Das comisións académicas das titulacións de Máster adscritas á Facultade

Artigo 35. Composición

1. As titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade de Ciencias de educación poderán contar, nos termos previstos pola normativa da Universidade de Santiago de

Compostela, con comisión académicas coa composición que a devandita normativa determine.

2. Cando corresponda á decana ou ao decano a presidencia das comisións previstas neste artigo, esta ou este poderá delegala na coordinadora ou coordinador da titulación. Se se levase a cabo esta delegación, procurarase que quede garantida a representación institucional da Facultade na comisión a través da presenza na mesma, como membro da decana ou decano ou do integrante do equipo decanal que aquela ou aquel designe, ou polo procedemento que habilite a normativa reguladora destas comisións.

3. As comisións académicas previstas neste artigo elixirán de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Artigo 36. Competencias

Corresponden ás comisións académicas todas as funcións de organización docente das correspondentes titulacións, agás as que a normativa da Universidade de Santiago de Compostela atribúa expresamente á coordinadora ou ao coordinador da titulación ou á Xunta de Facultade.

Capítulo V. Da Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos

Artigo 37. Composición

A Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano, que a presidirá.
- b) A vicedecana ou vicedecano competente en materia de Asuntos Económicos de Administración e Servizos.
- c) A persoa responsable de Asuntos Económicos da Facultade.
- d) Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de oito, distribuídos do seguinte xeito:
 - Catro membros do profesorado
 - Dous estudantes de grao.
 - Dous representantes do persoal de administración e servizos

A comisión elixirá, de entre os seus membros, unha secretaria ou secretario dela.

Artigo 38. Competencias

1. A Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos é competente no ámbito da súa actividade e, en particular, para propor unha distribución do orzamento

da Facultade, adquisición de mobles, uso e asignación de espazos e obras no edificio da Facultade.

Capítulo VI. Da Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

Artigo 39. Composición

1. A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano, que a presidirá.
- b) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de nove, distribuídos do seguinte xeito:
 - Cinco membros do profesorado
 - Tres estudantes.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

2. A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade.

3. A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Artigo 40. Competencias

A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística encargarse da dinamización da Facultade organizando actividades educativas, culturais, sociais e de normalización da cultura e lingua galega de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto da Facultade. Para isto, elaborárase un calendario de actividades por curso académico a partir das propostas dos membros da comisión e dos membros da Facultade xestionando a partida presupostaria anual de extensión universitaria da Facultade. Asemade, a Comisión terá como fin colaborar en actividades que organicen os departamentos e outros colectivos da Facultade así como entidades educativas, sociais e culturais externas da Facultade, logo da súa valoración. No marco das directrices de política lingüística emanadas da Universidade de Santiago de Compostela. A comisión elaborará un informe por curso académico sobre a situación do galego na Facultade e, en especial, na actividade docente desenvolvida nela, coa proposta das medidas que considere necesario aplicar.

Facer propostas verbo do reparto e xestionar o orzamento anual asignado. Aqueloutras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

Capítulo VII. Da Comisión de Igualdade

Artigo 41. Composición

1. A Comisión de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano, que a presidirá.
- b) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de nove, distribuídos do seguinte xeito:
 - Cinco membros do profesorado
 - Tres estudantes
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

2. A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade.

3. A Comisión de Igualdade elixirá, de entre os seus membros, unha secretaria ou secretario.

Artigo 42. Competencias

A Comisión de Igualdade vela polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade, no marco das políticas específicas deseñadas neste eido pola Universidade de Santiago de Compostela e en colaboración cos órganos competentes desta.

Capítulo VIII. Da Comisión de Validacións

Artigo 43. Composición

1. A Comisión de Validacións da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano da Facultade, que a presidirá.
- b) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade ou persoa en quen delegue.
- c) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- d) Un estudante de grao, elixido de entre a representación do estudantado de grao na Xunta de Facultade.

2. A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade.

3. A Comisión de Validacións elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Artigo 44. Competencias

A Comisión de Validacións informa os expedientes de validacións, recoñecementos e adaptacións, e demais de semellante natureza que así o requiran, agás nos casos nos que esta competencia estea atribuída ás comisións académicas das titulacións de Máster adscritas á Facultade.

Capítulo IX . Da Comisión de Coordinación do Practicum

Artigo 45. Composición

1. A Comisión de **Coordinación do Practicum** da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano da Facultade, que a presidirá.
- b) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade ou persoa en quen delegue dentro do profesorado vinculado ás materias de Practicum do título.
- c) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- d) Tres estudantes de grao, elixidos de entre a representación do estudantado de grao na Xunta de Facultade.

2. A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade.

3. A Comisión de Coordinación do Practicum elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Artigo 46. Competencias

A Comisión de Coordinación do Practicum terá como funcións a aprobación do calendario anual de Practicum, a coordinación das planificacións desenvolvidas e executadas nos respectivos Practicums consonte coas diversas titulacións, así como o seguimento e avaliación do conxunto dos procesos. Para tales efectos elaborará e propondrá orientacións de carácter xeral ao Pleno da Xunta de Facultade para a súa aprobación

Capítulo X . Da Comisión de Calidade

Artigo 47. Composición

A Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación está composta por:

- a) A decana ou decano da Facultade, que a presidirá.
- b) O responsable de calidade do centro (RCC).
- c) As coordinadoras ou coordinadores das titulacións de Grao e Máster.
- d) Un representante por cada un dos departamentos con sede na Facultade de Ciencias da Educación.
- e) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- f) Un estudante.
- g) Outros membros que a decana ou decano da Facultade de Ciencias da Educación considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC.

Artigo 48. Competencias

A Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación ten entre as súas funcións principais as seguintes:

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b) Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias: Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
- c) Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- d) Informes de seguimento dos Títulos
- e) Elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do centro.

Capítulo XI . Da Comisión de Biblioteca

Artigo 49. Composición

A Comisión de Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación está composta por: A Comisión da Biblioteca estará formada segundo o establecido no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago. A representación do profesorado establécese do seguinte modo: unha ou un representante por cada unha das Áreas de coñecemento dos Departamentos con sede na Facultade e dous representantes do resto das Áreas/Departamentos que impartan docencia nas distintas titulacións, sempre que, en todos os casos, formen parte da Xunta de Facultade.

Artigo 50. Competencias

A Comisión da Biblioteca terá as funcións establecidas no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago.

Capítulo XII . Das comisións delegadas non estables.**Artigo 51. Composición e funcionamento**

Á marxe das Comisións de carácter estable o Pleno da Xunta de Facultade poderá crear comisións asesoras non permanentes para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados asuntos, coa composición que se determine no acordo que as cre. En todo caso, esa composición garantizará aos distintos sectores da Xunta de Facultade na mesma porcentaxe de representación que ostentan nesta.

A Xunta de Facultade non poderá delegar facultades decisorias nas comisións asesoras.

Os membros das Comisións Delegadas non estables teñen que ser membros do Pleno da Xunta de Facultade. Porén, estas comisións poden invitar a outras persoas a participar nelas, con voz pero sen voto, sempre que a decisión sexa adoptada maioritariamente.

Os membros das Comisións Delegadas non estables serán nomeados pola decana ou decano e informados no Pleno da Xunta de Facultade. Ademais das persoas especificadas para cada caso, formará parte delas a decana ou decano ou persoa do equipo decanal en quen delegue que será quen as presida.

Cada Comisión elixirá unha secretaria ou secretario.

Para a asistencia e participación nas Comisións Delegadas non estables, todos os seus membros serán convocados por escrito por medios electrónicos cunha antelación de tres días, e nos casos de urxencia, apreciados pola Presidencia, cunha antelación de dous días.

As Comisións Delegadas constituiranse en primeira convocatoria coa maioría dos seus membros e en segunda convocatoria, que será media hora máis tarde, coa presenza dun terzo dos seus membros.

As Comisións Delegadas adoptarán os seus acordos, informes, propostas e recomendacións por maioría simple, sendo preciso que en todo momento da súa actuación exista o quórum sinalado no punto anterior.

TÍTULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 52. Procedemento de reforma do Regulamento

1. A reforma do Regulamento de réxime interno da Facultade iníciase por decisión da decana ou decano, adoptada por iniciativa propia ou logo de proposta asinada polo vinte e cinco por cento dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, poñeranse ao dispor dos membros da Xunta de Facultade coa convocatoria da sesión desta na que vaian ser debatidas. Darase un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da sesión da Xunta de Facultade.
3. Para que a reforma sexa adoptada, será preciso que reciba o voto favorable da maioría simple dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional Primeira. Do uso dos medios electrónicos no Pleno da Xunta e nas comisións delegadas e nas específicas

A decana ou decano articulará un procedemento co fin de garantir a utilización de medios electrónicos para:

- A notificación das convocatorias das sesión.
- A presentación de mocións, propostas, emendas e candidaturas.
- Acceso ás actas e á documentación correspondente aos puntos que se van tratar na orde do día.

Disposición adicional segunda. Dereito supletorio

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela* e nas normas vixentes sobre o ensino universitario, así como no resto do ordenamento xurídico. En particular, para o que non estea previsto neste Regulamento nin nos *Estatutos* ou na normativa sectorial, aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Adaptación ao Regulamento da composición dos órganos colexiados da Facultade

A adaptación da composición dos órganos colexiados previstos neste Regulamento ao establecido no mesmo levarase a cabo do seguinte xeito:

- a) Os novos membros natos entrarán a formar parte do órgano respectivo na primeira sesión que este celebre dende a entrada en vigor do Regulamento.
- b) Os membros electivos de cada sector adaptaranse á composición establecida neste Regulamento na primeira renovación do sector correspondente que se produza dende a entrada en vigor do Regulamento.

Segunda. Estudantes da Licenciatura en Psicopedagogía

O estudantado da licenciatura en Psicopedagogía equipárase ao estudantado de grao para os efectos da participación nos órganos colexiados previstos neste Regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única. Derrogación normativa

Quedan derrogados o Regulamento da Xunta de Facultade de Ciencia da Educación aprobado na Xunta de Facultade do 16 de decembro de 2004 e ratificado polo Consello de goberno da Universidade do día 17 de febrero de 2005, e calquera disposición adoptada pola Xunta de Facultade ou demais órganos colexiados do centro que contradiga ou vulnere o establecido neste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC logo de ter sido ratificado polo Consello de Goberno.

